Concello de OURENSE

**_SERVIZO DE CONTRATACIÓN_**
**Praza do Trigo, nº 2 -3**
**32005-Ourense**
**Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494**
**e-mail: contratacion@ourense.es**

# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

| **Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas: |
|---|
| Ana María Fernández Morenza (presidenta)<br>Paula Álvarez Fernández (vocal: Intervención)<br>Juan Ramón Costas Núñez (vocal: Asesor Xurídico)<br>José Javier Rivera Martínez (secretario) |

Reunidos os membros da Mesa de contratación, ás 13:00 horas do 17/04/2019, nas dependencias do Servizo de Contratación, previa convocatoria ao efecto, para tratar os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Dar conta á Mesa do informe emitido polo Servizo de Contratación en relación á admisión de ofertas, e, no seu caso, avaliación e clasificación por orde decrecente e proposta de adxudicación correspondente ás seguintes licitacións:

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, VERIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE PEZAS DE ONCE EQUIPOS DE IMPRESIÓN DE DIFERENTES MARCAS DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018010948)

2. Comprobación da constitución de garantía definitiva e da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos do art. 140 LCSP e, no seu caso, proposta de adxudicación correspondente ás seguintes licitacións:

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018031164)

3. Rogos e preguntas

4. Aprobación da acta da sesión

---

1. Dar conta á Mesa do informe emitido polo Servizo de Contratación en relación á admisión de ofertas, e, no seu caso, avaliación e clasificación por orde decrecente e proposta de adxudicación correspondente ás seguintes licitacións:

**CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, VERIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE PEZAS**

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:918D6Z2P3FC9H6L1

**Praza do Trigo, nº 2 -3**
**32005-Ourense**
**Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494**
**e-mail: contratacion@ourense.es**

**DE ONCE EQUIPOS DE IMPRESIÓN DE DIFERENTES MARCAS DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018010948)**

Dáse conta do informe emitido polo TAX do Servizo de contratación, e de conformidade coa proposta, a Mesa, por unanimidade acorda:

Requirir a ECR Equipos de Oficina SLU para que no prazo máximo de cinco días hábiles acredite ter solicitado a inscrición no ROLECSP ou no Rexistro de Contratistas de Galicia dentro do prazo de presentación de ofertas (28/03/2019), coa advertencia de que de non facelo poderá ser excluído da licitación.

2. Comprobación da constitución de garantía definitiva e da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos do art. 140 LCSP e, no seu caso, proposta de adxudicación correspondente ás seguintes licitacións:

**CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018031164)**

Logo de examinar a constitución da garantía e da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos do art. 140 LCSP, e de conformidade coa proposta do TAX do Servizo de Contratación, a Mesa de contratación acorda:

1.- Requirir novamente a Informática i Comunicacións Tarragona SA, empresa que quedou en primeiro lugar no lote 3, correspondente á contratación mediante procedemento aberto simplificado da subministración en lotes da renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense (expediente 2018031164) para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP) de entre a especificada no artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. Capacidade de obrar.

1.1. Escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

2. Bastanteo do poder: Acreditación do pagamento da taxa devindicada polo bastanteo do poder pola Asesoría Xurídica do Concello. O pago pode efectualo a través da sede electrónica municipal https://sede.ourense.gob.es/, “tributos municipais”, picando no apartado “Pago de taxas pola tramitación de diferentes documentos e pola expedición dúas mesmos”.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:918D6Z2P3FC9H6L1

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**
**Praza do Trigo, nº 2 -3**
**32005-Ourense**
**Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494**
**e-mail: contratacion@ourense.es**

5. Certificación administrativa de non existir débedas de natureza tributaria en período executivo coa Axencia Tributaria.

6. Certificación administrativa, expedida por órgano competente, sobre o cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e de estar ao corrente no pago das cotas e doutras débedas coa Seguridade Social.

7. Certificados de boa execución das subministracións/traballos expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade de dereito público ou mediante un certificado ou unha declaración do empresario privado (o empresario que contratou a Dispal Astur SA), cando o destinatario sexa un suxeito privado.

Se no prazo anteriormente sinalado non se cumprimentase adecuadamente esta documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e requirirase a mesma documentación ao seguinte licitador, sen prexuízo da facultade que ten a mesa -se observase erros ou defectos materiais na documentación presentada que fosen emendables- de solicitarlle o licitador que emende o erro no prazo de cinco días. De conformidade co disposto no Artigo 150.2 da LCSP, no caso de que non se cumprimente este deber, procederá a esixírselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica

Asinado por: PAULA MARÍA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ
Cargo: Técnico en Intervención
Data sinatura: 22/04/2019 13:24:17

Asinado por: JUAN RAMÓN COSTAS NÚÑEZ
Cargo: Asesor Xurídico
Data sinatura: 22/04/2019 09:54:40

Asinado por: JOSÉ JAVIER RIVERA MARTÍNEZ - 34968824S
Cargo: Técnico de Administración Xeral
Data sinatura: 22/04/2019 13:08:58

Asinado por: ANA MARÍA FERNÁNDEZ MORENZA
Cargo: Concelleira Delegada
Data sinatura: 22/04/2019 08:14:28

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:918D6Z2P3FC9H6L1